

MAIO E "OS MAIOS"

Por: F. Davila



Maio, mes de maio, quinto do ano, cuxo nome é atribuído a Rómulo, que quixo honrar a todos aqueles maiores, fieis servidores, senadores e patricios.

Este mes de maio representa para os países europeos e americanos o renacer do mundo natural, xa que coa primavera revive e esperta o reino vexetal, amosando á vez a apariencia sensual da reproducción, animando

tamén á subsistencia ó ambiente animal, do cal non se aparta o ser humano, pois ben agradece a súa chegada incluíndo neste alegre e luminoso mes festas de orixe profana e relixiosa, disfrutando delas moitos pobos que consideran a maio como o distinguido primaveral.

Con ese quinto mes do noso calendario chega a moitos pobos, entre eles ó noso de Marín, o cantor dos Maios, unha preciosa obra de artesanía, cheo de orixinalidade e verdor, de encanto e de beleza, digno de recordar e conmemorar, producto da iniciativa legada dos nosos antepasados, que nos ensinaron a botar a andar este nacer primaveral dándolle a benvida a tan alegre e distinguida estación, pois ela abre as portas espertadoras da natureza, plasmada pola fermosura e o embelecemento da paisaxe vexetal, sendo maio o distinguido. De aí cantar os Maios, un canto á natureza, raiña do natural, canto de vida.

Así pois, cantando á natureza, aparecen ano tras ano os nosos artísticos e rechamantes Maios que contan cunha lonxeva tradición, se ben a súa selección camiñante débese á promoción levada a cabo polo Ateneo Santa Cecilia, amosando un interese máximo en conservalo e enxalzalo, sendo considerado na actualidade unha grande obra de rechamante artesanía, chea de traballo, esvelteza e preciosidade.

Os Maios en Marín gozan, como digo, de fama e tradición, coa súa forma cónica e a súa altiva e distinguida



coroa. Pero, remontándonos á década dos 50, o nosos Maios adquiren realce e relevancia pola afección amosada na confección dos mesmos, axudados e alentados pola Asociación Santa Cecilia, baixo a batuta do entusiasta e namorado dos Maios, Manolo Torres, grande experto e excelente letrista dos Maios da Banda do Río e da Cuesta; seguidos polos presentados polo Grupo Escolar, dos que a orientación e deseño corría a cargo do destacado mestre D. Victor Corcoba; como tamén os presentados e ben rechamantes do colexió F. Davila que introduciu o Maio de nenas, pois entón era obrigado só para nenos, sendo moi ben acollido naquel entón seguido de felicitacións.

Tamén nesta época se substituíron os palitroques verticais longos, que se golpeaban sobre o chan e cantando ó redor del Maio, sendo cambiados polos curtos. Estes eran os empregados nos Maios da capital, como tamén se empregaban nos mesmos, materiais distintos ós vexetais, tales como ovos, coiros, plumas, metálicos, etc.; ningún deles era permitido nos Maios marinenses. Naturalmente os nosos Maios evolucionaron, producto do tempo progresista, e os Maios de hoxe superan a aqueles en grandeza, artesanía e confección, significando progreso e avance, porque os medios materiais e económicos son bastante mellores.

Como remate, anexo recordatorio ó maior "maista", M. Torres, cito a dous dos seus colaboradores, valencianos, ademais cooperadores en diversidade de actos culturais, sempre dispostos a prestar axuda e servicio: o infatigable músico Oterino, da E.N.M. e o profesor de debuxo A. Vicent, do entón chamado Instituto Laboral, os cales, xunto ó Presidente do Ateneo e de F. Massó, levantáronnos unha "cremá fallera" na Rúa do Sol, un acontecemento extraordinario, atractivo, cheo de ironía e orixinalidade. Para eles, nesta ocasión, agradecemento e recordo, así como para os demais citados, coa esperanza posta de que os nosos Maios non se deterán, ó igual que a súa atractiva festa, e que sigan poñendo en escena esa rica artesanía, o seu vistoso verdor e o seu distinguido florido, completados polo coro cantor dos Maios, enxalzando á primavera e ó mundo natural, nun camiñar máis neste 2001.

EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN